



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: casa do concello

Día: 3 de setembro de 2015

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14.50 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación prezo xantar “Romaría Tradicional BoqueiSons”**
- 3. Anticipo reintegrable de nómina**
- 4. Aprobación de facturas**
- 5. Aprobación inscrición no rexistro municipal de asociacións da “asociación Falemos”**
- 6. Prórroga de cesión do local social da Granxa**
- 7. Devolución de avais**
- 8. Altas no servizo de abastecemento/saneamento**
- 9. Licenza urbanística**
- 10. Punto de urxencia**
- 11. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. - Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 20 de agosto do 2015

2. Aprobación prezo xantar “Romaría Tradicional BoqueiSons”

O día 5 de setembro o concello organiza na carballeira de Rodiño unha nova edición da romaría tradicional BoqueiSons, co obxectivo de poñer en valor a nosa cultura tradicional. Neste evento participan, de forma altruísta, 12 grupos de música tradicional do concello e de fóra, que en ocasións acuden con acompañantes.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1º) Ofrecer de forma gratuíta o xantar aos membros dos grupos participantes (aprox 100 persoas), cun menú consistente en empanada, churrasco e criollos, postre, pan, viño e café e unha merenda de tarde con chourizos, pan e bebida.

2º) Aprobar o prezo de 10 € de custo para o xantar dos acompañantes dos grupos (aprox. 21 persoas) consistente no mesmo menú.

3. Anticipo reintegrable de nómina

Concesión de anticipo reintegrable de nómina.

4. Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **9.053,95** euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR	ECON	IMPORTE
1	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	CONSUMO MES XULLO TELÉFONO CENTRALIÑA	920	22200	474,88 €
2	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	CONSUMO MES XULLO TELÉFONO LOCAL SOCIAL LESTEDO	920	22200	48,00 €
3	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	CONSUMO MES XULLO FAX	920	22200	29,68 €
4	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	CONSUMO MES XULLO TELÉFONO PROTECCIÓN CIVIL	920	22200	31,59 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	CONSUMO MES XULLO TELÉFONO ALARMA	920	22200	44,57 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	CONSUMO MES XULLO TELÉFONO CORREOS	920	22200	27,62 €
7	SCDAD. ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A.	FRANQUEO PAGADO MES DE XULLO	920	22201	413,43 €
8	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	MENSAREDE 15/07/15-14/05/15	920	22200	14,54 €
9	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRIC.31/05-26/06 DEPURADORA DE ORTO			3.863,93 €
					4.948,24 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROG.	ECON.	IMPORTE
10	ANA BEATRIZ DIAZ MIGUEZ	LIQUID.GASTOS FEST.LETRAS GALEGAS, CERTAME XOSÉ NEIRA V			33,20 €
11	COGAMI RECICLADO DE	RECOLLIDA DE RESÍDUOS MES DE XULLO	1621	21300	388,98 €

	GALICIA, S.L.				
12	PATRICIA FERNÁNDEZ LÁZARO	DIETAS 9 XORNADAS PROGRAMA DE VOLUNTARIADO OCIOTECA	334	22699	54,00 €
13	GALLEGA DE SUMINISTROS INDUSTRIALES 2020 S.L.	FREGASUELOS,ESCOB,MANGO,PAPEL HIXIÉNICO,QUITATINTAS	920	212.00	73,56 €
14	MANUEL GOUZAS PEREIRAS Y CIA, S.L.	CORTEZAS DE PINO PARA OS XARDÍNS DE LESTEDO	171	21000	271,04 €
15	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	PUBLICIDADE MES DED XUÑO	432	22602	121,00 €
16	YOLANDA NEIRO CRISTOBO	LIQUID.GASTOS MATERIAL ACTIVIDADE VERÁN ACTIVO AGOSTO	920	23120	28,37 €
17	YOLANDA NEIRO CRISTOBO	LIQUID.GASTOS MATERIAL ACTIVIDADE BOQUEISÓNS	920	23120	44,36 €
18	RIO BLANCO, S.L.	HIPOCLORITO SÓDICO PARA A PISCINA MUNICIPAL	342	221.99	235,95 €
19	Mª CARMEN SANTASMARINAS DEVESA	29 BARRAS ARTESANAS PARA CAMPUS DEPORTIVOS	341	226.09	21,72 €
20	SELANDE, S.L.	CAMISetas OMIX	334	22699	121,00 €
21	TALLERES SÁNCHEZ REY, S.C.	CUCHILLAS, LATAS ACEITE, FILTRO COMBUSTIBLE,GASOIL,AIRE ...	920	21200	1.004,42 €
22	TALLERES SÁNCHEZ REY, S.C.	CRISTAL PORTA, ESPELLO, RODAMENTOS, RETÈNS, REP.DESBROZ	920	21200	1.442,34 €
23	VAZQUEZ FERNÁNDEZ, MARIA DEL CARMEN	PRODUCTS DE ALIMENTACION E LIMPEZA PARA A ESCOLA IFANTIL	231	22105	265,77 €
					4.105,71 €
					9.053,95 €

5. Aprobación inscrición no rexistro municipal de asociacións da “asociación Falemos”

D. Isaac xxxxx, co DNI número xxxxx en calidade de representante legal da Asociación Falemos, presenta escrito no concello de Boqueixón o 19 de agosto do 2015 co número de entrada 15/1639, solicitando a inscrición da asociación Falemos no rexistro municipal de asociacións veciñais do concello.

Considerando que se cumpren os requisitos preceptuados no artigo 236 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, e demais de xeral aplicación, a Xunta de Goberno acorda:

1. Incluir esta asociación no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais co número de inscrición 058.
2. Dar conta deste acordo ó representante legal da asociación Falemos.

6. Prórroga de cesión do local social da Granxa

Con data 22 de setembro de 2010, na Xunta de Goberno acordouse ceder o uso do local social da Granxa á Asociación de Mulleres Rurais A Granxa- Pico Sacro por un período máximo de 5 anos, para a realización de actividades culturais.

Con data 24 de agosto de 2015, a Asociación de Mulleres Rurais A Granxa – Pico Sacro, solicita a prórroga da cesión do uso para continuar co desenvolvemento das actividades propias da asociación.

Estando próxima a data de vencemento do acordo de cesión, a Xunta de Goberno, á vista da solicitude presentada pola asociación acorda:

Prorrogar a cesión do uso do local social da Granxa á Asociación de Mulleres Rurais da Granxa por un período máximo de 5 anos, para a realización das actividades propias da asociación.

Comunicar este acordo á dita asociación

7. Devolución de avais

Escrito núm. 15/1650

O día 21 de abril de 2014 asinouse o contrato coa empresa Hnos. Couto Fandiño, SL para a realización da obra denominada Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros por importe de 156.090,00 euros.

Con anterioridade, a dita empresa entregara o correspondente aval bancario polo importe de 6.450,00 euros.

O día 21 de agosto de 2015, Carlos Couto Fandiño en representación de Hnos. Couto Fandiño,SL solicita a devolución do aval e acompaña o informe do técnico director da obra, que comunica que a realización da mesma se fixo cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato e segundo as previsións contidas no proxecto técnico e as especiais que impuxo a dirección.

Polo tanto e segundo o art. 102 da Lei de Contratos, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver o aval presentado pola empresa Hnos. Couto Fandiño, SL para responder da obra denominada Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros polo importe de 6.450,00 euros.

Comunicar este acordo á Tesourería deste concello para que faga entrega do mesmo á empresa e ó servizo de contratación para a finalización do expediente.

Escrito núm. 15/1651

O día 23 de maio de 2014 asinouse o contrato coa empresa Hnos. Couto Fandiño, SL para a realización da obra denominada Camiño cruce Frenza a Carballeira e outros por importe de 64.009,00 euros.

Con anterioridade, a dita empresa entregara o correspondente aval bancario polo importe de 2.645,00 euros.

O día 21 de agosto de 2015, Carlos Couto Fandiño en representación de Hnos. Couto Fandiño,SL solicita a devolución do aval e acompaña o informe do técnico director da obra, que comunica que a realización da mesma se fixo cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato e segundo as previsións contidas no proxecto técnico e as especiais que impuxo a dirección.

Polo tanto e segundo o art. 102 da Lei de Contratos, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver o aval presentado pola empresa Hnos. Couto Fandiño, SL para responder da obra denominada Camiño cruce Frenza a Carballeira e outros por importe de 2.645,00 euros.

Comunicar este acordo á Tesoureria deste concello para que faga entrega do mesmo á empresa e ó servizo de contratación para a finalización do expediente.

8. Altas no servizo de abastecemento/saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarios do servizo ás persoas que se relacionan a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Esteban xxxxx	xxxxx	xxxxx Lestedo - Boqueixón	54,86 €
Antonio xxxxx	xxxxx	xxxxx Boqueixón	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida a don Esteban xxxxx é para vivenda e a taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción, “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

Don Antonio xxxxx aboou a taxa no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Esteban xxxxx	xxxxx	xxxxx Lestedo - Boqueixón	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida a don Esteban xxxxx é para vivenda e a taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario

9. Licenza urbanística

Licenza municipal para a ampliación da actividade existente dunha explotación de gando vacún leiteiro. expediente: 15/1187

ANTECEDENTES:

Na Xunta de Goberno Local con data do 17/11/2010 (expediente 09/2333) acordouse conceder a S.A.T. TARREO a licenza municipal de obras para realizar obras de mellora dunha explotación de gando vacún leiteiro, consistentes na realización de silos e almacén, emprazadas no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, e coas condicións establecidas na propia licenza.

Posteriormente, a Xunta de Goberno do 07/11/2012 acorda autorizar o cambio de titularidade da actividade da dita estabulación a nome de FINCA TARREO, S.L., con CIF xxxxx.

Con data do 17/06/2015 e rexistro de entrada núm. 15/1187, por FINCA TARREO, S.L. preséntase nestas dependencias municipais o Certificado Final de Obra, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Juan Manuel Hermida Vázquez, colexiado número 876, e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (nº 20150405) con data do 09/06/2015, solicitando así mesmo ampliación da actividade existente en base ás obras realizadas.

Con data do 08/07/2015, a arquitecta dos servizos técnicos urbanísticos municipais, en base á visita de comprobación realizada á explotación gandeira o día 1 de xullo de 2015, emitiu o informe técnico no que se requiría a presentación de plano de fin de obra do almacén, dado que, a raíz da visita, comprobouse que non coincidía a localización dun dos cerramentos da edificación.

Con data do 15/07/2015 e rexistro de entrada 15/1429, achégase o plano de fin de obra requirido.

Con data do 23/07/2015, a arquitecta municipal, dona María Carmen Novoa Sío emite o correspondente **informe técnico favorable**, no que se fan constar as seguintes observacións:

“A vista da documentación do expediente, considérase que **as obras executadas axústanse á licenza outorgada**. No certificado final de obra presentado, o técnico director da mesma certifica a impermeabilidade dos silos e da recollida de lixiviados.”

Consta no expediente a xustificación do ingreso da liquidación dos dereitos municipais, que se corresponden pola antedita licenza municipal de obra concedida, por importe de 2.905,39 € (ingresada aos efectos con data do 19/11/2010).

Tendo en conta os antecedentes expostos e cumpridos os trámites esixidos, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a FINCA TARREO, SL, con CIF nº.: xxxxx, a “Licenza municipal para a ampliación da actividade existente dunha explotación de gando vacún leiteiro”, en base ás obras de mellora da dita explotación consistentes na realización de silos e almacén, no lugar de Gastrar, parroquia de Gastrar, sendo executadas ditas obras segundo a licenza municipal notificada co nº 10/1134, e aprobada na Xunta de Goberno con data do

17/11/2010, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

Segundo:

Notificar este acordo aos interesados

10. Punto de urxencia

A empresa Puntos Bajo Coste, SL quiere colaborar con este concello na concesión de axudas ás familias desfavorecidas que precisen comprar todo tipo de material escolar para a correcta integración dos rapaces no seu curso académico, achegando a cantidade de 3.000,00 euros.

Debido a que o curso escolar xa comezou e é preciso facer os correspondentes trámites administrativos desde o Departamento de Servizos Sociais para o reparto das axudas, débese aprobar o texto deste contrato para a súa sinatura na maior brevidade posible.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda aprobar a urxencia deste punto.

Aprobación do contrato de colaboración entre a empresa Puntos Bajo Coste, SL e o concello de Boqueixón.

A continuación transcríbese o texto do contrato que a empresa Puntos Bajo Coste, SL e o Concello de Boqueixón asinan para a concesión de axudas para a compra de material escolar dos fillos das familias desfavorecidas deste concello. A empresa, para este fin, entrega ó concello a cantidade de 3.000,00 euros, que se repartirá entre as familias a criterio do Departamento de Servizos Sociais.

CONTRATO DE COLABORACION ENTRE PUNTOS BAJO COSTE, SL (SBC GASOLINERAS) E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Boqueixón, 2 de setembro de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana xxxxx en nome e representación da empresa Puntos Bajo Coste, SL con NIF xxxxx e con domicilio social en Paseo de la Castellana, 151-4ª 28046 Madrid

Doutra , D. Ovidio Rodeiro Tato, alcalde do Concello de Boqueixón

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar o presente contrato de colaboración e

EXPOÑEN

- 1) Que a empresa Puntos Bajo Coste, SL é unha entidade con ánimo de lucro cuxa actividade principal é a venda de carburantes e tamén colabora en actividades de interese social
- 2) Que o Concello de Boqueixón desexa colaborar nos fins que a empresa especifica de acordo co seguinte convenio de colaboración.

Dada a confluencia de intereses por ambas partes, formalizan este contrato de colaboración en base ás seguintes

CLAUSULAS

Primeira. Obxecto do contrato

Este contrato de colaboración en actividades de interese social, ten por obxecto a axuda económica ás familias desfavorecidas do Concello de Boqueixón para os seguintes conceptos:

- para a compra do material escolar que precisen os seus fillos que se atopen en idade de escolarización, desde libros ata a roupa e calzado necesario para a correcta integración dos rapaces no curso escolar.

Será o Departamento de Servizos Sociais o que valore e propoña ás familias que serán beneficiarias das axudas correspondentes, para o que será preceptivo o correspondente informe do servizo.

Coa finalidade de acadar dito obxecto, a empresa Puntos Bajo Coste, SL asume o compromiso de efectuar as achegas económicas que se indican na cláusula terceira.

Pola súa parte, o Concello de Boqueixón comprométese a difundir a participación da empresa nas axudas concedidas nos termos indicados na cláusula cuarta.

Segunda. Duración

A duración deste contrato coincidirá co curso académico 2015-2016.

Terceira. Achega Económica

A empresa, coa finalidade expresada nas cláusulas anteriores e manténdose as condicións baixo as que se asina este contrato, entregará ó Concello de Boqueixón unha achega económica pola cantidade de 3.000 € (tres mil euros)

O Concello de Boqueixón presentará á empresa unha certificación onde se acredite a achega realizada.

Cuarta. Difusión da participación da empresa

A partires da data do ingreso da achega económica na conta do concello, esta administración daralle publicidade a este contrato a través dos medios dispoñibles para o efecto (páxina web, prensa, revista municipal, etc.) sen que isto repercuta nun gasto a maiores para o concello.

Sempre se respectarán os datos de carácter confidencial.

En proba da conformidade por ambas partes, do contido deste contrato, asínase por duplicado na data que figura na cabeceira do documento.

Ana xxxxx

O alcalde

Representante de SBC gasolineras

Ovidio Rodeiro Tato

11 - Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria

A secretaria – interventora

Visto e prace
O alcalde